



BOP

VIERNES, 31 DE MARZO DE 2017

Nº 075

DIPUTACIÓN DE LUGO

boletin@deputacionlugo.org
www.deputacionlugo.org

Dep. Legal: LU-1-1968

Administración: San Marcos, 8 - 27001 Lugo
Tel.: 982 260 124/25/26 - Fax: 982 260 205

XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO. AUGAS DE GALICIA. SERVIZO TERRITORIAL DE LUGO

Anuncio

Juan Carlos Seijo González solicita de Augas de Galicia a autorización de obras en zona de policía. O presente anuncio ten por obxecto abrir a regulamentaria información pública que prescribe o art. 52 do Regulamento do dominio público hidráulico. Expediente: DH.W27.54232

As obras solicitadas consisten na realización dunha soleira de formigón e peche da parcela 152 do polígono 22, na zona de policía do rego de Escourido, no lugar de Escourido, na parroquia de Covas, no concello de Viveiro (Lugo).

O que se fai público para xeral coñecemento, por un prazo de **vinte (20) días** a partir do seguinte á data de publicación no Boletín Oficial da Provincia, co fin de que os que se sintan prexudicados poidan presentar as súas reclamacións, durante o prazo sinalado, no Concello de Viveiro ou nas oficinas deste servizo, situadas na Ronda da Muralla, 70, 2º, onde estará exposto o expediente de que se trata, para que poida ser examinado por quen o desexe.

Lugo, 14 de marzo de 2017.- A xefa do servizo territorial, Mª Carmen Quintero Serrano

R. 0819

CONCELLOS

BURELA

Anuncio

Expediente nº 501/2017

NOTIFICACIÓN COLECTIVA DE LIQUIDACIÓNS E ANUNCIO DE COBRANZA

A Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o día quince de marzo do dous mil dezasete, acordou a aprobación dos Padróns Fiscais e notificación colectiva por aplicación da TAXA POR ENTRADA DE VEHÍCULOS A TRAVÉS DE BEIRARRÚAS E RESERVA DE VÍA PÚBLICA PARA APARCAMENTO EXCLUSIVO, PARADA DE VEHÍCULOS, CARGA E DESCARGA DE MERCADORÍAS DE CALQUERA CLASE e pola aplicación da TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE CEMITERIOS MUNICIPAIS do exercicio 2017.

Os Padróns expóñense ao público durante o prazo dun mes, contado a partir da publicación do correspondente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, para os efectos de que poidan ser examinados e presentar as reclamacións que se estimen pertinentes, entendéndose elevados a definitivos no caso de que transcorrido o devandito prazo de exposición pública non se presentase reclamación ningunha contra estes. Esta exposición servirá de notificación colectiva a tódolos contribuíntes, nos termos establecidos no artigo 102.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria.

Contra as liquidacións incorporadas aos Padróns todos os interesados poderán interpoñer recurso de reposición ante a Xunta de Goberno Local, segundo o disposto no artigo 14.2, do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado por RDL 2/2004, do 5 de marzo, no prazo dun mes contado dende o día seguinte ao do remate da exposición pública do Padrón. O recurso entenderase desestimado se non se resolve expresamente no prazo dun mes dende a súa interposición. Contra a Resolución do recurso de reposición poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo competente, no prazo de dous meses dende a notificación da resolución expresa ou de seis meses dende que se produza a desestimación presunta, tal e como establece o artigo 46.1 da Lei 29/98, do 13

de xullo, Reguladora da xurisdición Contencioso-Administrativa. Non obstante, poderase interpoñer calquera outro recurso que se estime conveniente.

- Normas de pagamento e extinción de débedas

a).- O pagamento das débedas dos tributos en período estará comprendido entre o día 20 de abril e o 20 de xuño do 2017.

b).- Os pagamentos en efectivo que deban realizarse na caixa municipal, serano mediante ingreso nas contas restrinxidas de recadación de titularidade municipal nas entidades bancarias colaboradoras do concello, podendo ademais facerse mediante transferencia bancaria

Unha vez transcorrido o prazo de ingreso voluntario sen que se satisfaga a débeda, iniciárase o período executivo, de acordo co teor dos artigos 26, 28 e 161 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, o que determinará a esixencia dos xuros de mora, así como a das recargas que correspondan e, se é o caso, das custas do procedemento de constrinximento.

Burela, 20 de marzo de 2017.- O alcalde, Alfredo Llano García

R. 0820

Anuncio

Por Decreto da Alcaldía nº 728 de 17/03/2017 apróbase a convocatoria e as bases reguladoras do proceso selectivo para a contratación de persoal laboral temporal ao abeiro do Programa DEPUEMPREGO:

BASES PARA A CONTRATACIÓN COMO PERSOAL LABORAL NON PERMANENTE DE 2 CONSERXES, 2 ALBANEIS E 2 XARDINEIROS AO ABEIRO DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE BURELA E A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL (PROGRAMA DEPUEMPREGO).-

1.- OBXECTO DA CONVOCATORIA

Constitúe o obxecto das presentes bases a regulación do procedemento de selección que se levará a cabo para a contratación de persoal de acordo co sinalado no Convenio de Colaboración formalizado entre o Concello e a Deputación Provincial de Lugo para a execución de obras, servizos e creación de emprego ao abeiro do "Programa Depuemprego":

Nº de prazas	Ocupación	Grupo de cotización
2	XARDINEIRO	8
2	ALBANEL	8
2	CONSERXE	10

Todo isto conforme o disposto na Lei 30/1984, do 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública, na Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, na Lei 2/2015 de emprego público de Galicia, e demais normas concordantes de aplicación.

As bases íntegras publicaranse no BOP de Lugo, na sede electrónica (<https://burela.sedelectronica.es>) e no taboleiro de anuncios do Concello e estarán a disposición dos /das interesados no Rexistro Xeral do Concello; igualmente remitiranse á Deputación Provincial para a súa publicación na páxina web institucional.

2.- DURACIÓN E TIPO DE CONTRATO

A natureza dos contratos será laboral temporal na modalidade de contrato de duración determinada por obra ou servizo a tempo parcial (50% da xornada ordinaria), de luns a domingo no horario fixado pola Alcaldía e a súa duración será de 6 meses.

Os/as aspirantes seleccionados/as e contratados/as percibirán as retribucións establecidas no Convenio colectivo aplicable ao persoal laboral do Concello de Burela co seguinte desglose bruto mensual: salario 276,98€; complemento de destino 154,03 €; complemento específico: 63,94 €; parte proporcional da paga extra: 82,49€.

3.- REQUISITOS DE ADMISIÓN DE ASPIRANTES.

Para ser admitidos/as á realización destas probas selectivas, os/as aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos:

a) Ter nacionalidade española ou ter nacionalidade doutro Estado co alcance que se sinala no artigo 57 do RD Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

b) Acreditar a capacidade funcional para o desempeño das funcións propias do posto. En consecuencia non padecer enfermidade ou defecto físico que impida o desenvolvemento das funcións do cargo.

c) Ter cumpridos dezaseis anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.

d) Estar en posesión de certificado de escolaridade ou título equivalente. No caso de alegar equivalencias de títulos achegarse o certificado ao efecto da Consellería de Educación ou organismo competente. No caso de titulacións obtidas no estranxeiro, deberán ter o documento que acredite fehacientemente a súa homologación.

e) Non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera a das Administracións Públicas, ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso a corpos ou escalas de persoal funcionario, ou para exercer funcións similares as que desempeñaban no caso de persoal laboral, no que fora separado ou inhabilitado.

No caso de ser nacional doutro Estado, non encontrarse inhabilitado ou situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

f) Non atoparse incurso/a en ningunha das causas de incapacidade que determine a lexislación vixente.

g) Estar en posesión de permiso de conducir tipo B.

4. - FORMA E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE INSTANCIAS

Os/as interesados/as dirixirán as solicitudes, no modelo oficial que se acompaña como Anexo a estas bases ao Sr. Alcalde-Presidente do Concello de Burela e presentaranas no Rexistro Xeral da citada entidade ou nos lugares que determina o artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, no prazo de 8 días naturais contados desde o día seguinte ao da publicación do anuncio de convocatoria no BOP de Lugo. Si o último día do prazo é inhábil, trasladarase ó primeiro día hábil seguinte.

Os/as aspirantes que presentasen a instancia en calquera das formas previstas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, deberán remitir por fax ao Concello copia selada da instancia dentro do prazo de 8 días naturais sinalado anteriormente (nº de fax: 982 58 59 45). Sen dito requisito non será admitida a instancia si é recibida no Concello con posterioridade á data de remate do prazo.

Rematado o prazo de presentación de instancias, a Alcaldía ditará resolución aprobando a lista provisional de aspirantes admitidos/as e excluídos/as (neste caso con indicación das causas que dean lugar á exclusión), que se fará pública na sede electrónica e no Taboleiro de Edictos do Concello, exclusivamente.

Ademais, en dita resolución fixaranse os titulares e os suplentes que conformarán o Tribunal Cualificador.

Figurar na relación de admitidos non suporá que se lles recoñeza aos/ás aspirantes estar en posesión dos requisitos esixidos nos procedementos que se convocan. Cando da documentación que debe presentarse logo de ter superado o procedemento de selección se desprenda que non posúen algún dos requisitos, os/as interesados/as decaerán en tódolos dereitos que se puidesen derivar da súa participación nos procedementos de selección correspondentes.

Concederase un prazo improrrogable de 2 días hábiles para reclamacións á lista provisional e emenda de defectos, a contar dende o seguinte ao da súa publicación na sede electrónica e no Taboleiro de Edictos do Concello. Para os efectos de axilizar o procedemento, de non presentarse reclamacións dentro do prazo establecido a resolución de admitidos/as e excluídos/as poderase entender elevada a definitiva.

As reclamacións sobre as exclusións provisionais serán aceptadas ou rexeitadas na resolución pola que se aprobe a lista definitiva, que se fará pública da mesma maneira que a provisional.

O prazo de emenda non é de aplicación respecto dos méritos alegados pero non aportados. Os erros de feito poderanse emendar en calquera momento, de oficio ou por pedimento dos interesados, de acordo co disposto no artigo 109.2 da Lei 39/2015.

5.- DOCUMENTACIÓN QUE DEBERÁ ACOMPAÑAR NECESARIAMENTE Á SOLICITUDE.

a) Fotocopia do DNI ou tarxeta acreditativa da súa identidade no caso de estranxeiros, debidamente compulsados por ambos os dous lados.

b) Fotocopia compulsada do título académico esixido e do permiso de conducir

c) Documentación acreditativa dos méritos alegados.

Deberase acompañar á solicitude as xustificacións documentais debidamente compulsadas dos méritos que desexen alegar en relación coa praza que se convoca.

Non se valorarán os méritos que non estean acreditados documentalmente ou que, a xuízo do Tribunal, non estean suficientemente acreditados.

A non acreditación dos méritos alegados determinará que estes non sexan tidos en conta polo Tribunal nin se valorarán aínda que se acrediten fora do prazo de presentación de instancias xa que non poderá subsanarse. Tampouco se requirirá aos interesados para que os acrediten.

Coa presentación da instancia para tomar parte no proceso selectivo entenderase que os/as interesados/as aceptan e acatan todas e cada unha das bases desta convocatoria.

6. TRIBUNAL DE SELECCIÓN.

Estará composto por un/unha presidente/a e catro vocais, empregados públicos entre os/as que non se incluíran persoal de elección ou de designación política, nin funcionarios/as interinos/as ou persoal temporal ou eventual.

Actuará como Secretario o da Corporación ou empregado público en quen delegue, con voz e sen voto.

A Resolución pola que se aprobe a lista provisional de aspirantes admitidos e excluídos coa designación dos membros do Tribunal que incluírá os seus respectivos suplentes, farase pública na sede electrónica e no taboleiro de anuncios do Concello a efectos de recusación.

O Tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia de polo menos tres dos seus membros, xa sexan titulares ou suplentes, e en todo caso requírese a asistencia do Presidente e do Secretario ou dos seus suplentes.

Os membros do Tribunal deberán absterse de intervir notificándoo ao Sr. Alcalde cando concorran neles algunha das circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

O Presidente poderá requirir aos membros do mesmo declaración expresa de non atoparse incurso en causa de abstención. Así mesmo os aspirantes poderán recusar aos membros do Tribunal cando concorran as circunstancias previstas no parágrafo anterior.

Os membros do Tribunal son persoalmente responsables do cumprimento das bases da convocatoria e da suxeición aos prazos establecidos para a realización e valoración das probas e para a publicación dos seus resultados.

7. - SISTEMA DE SELECCIÓN: CONCURSO-OPOSICIÓN.

Constará de dúas fases: concurso de méritos e proba práctica

7.1. CONCURSO DE MÉRITOS

Esta fase será previa á de oposición e non tendo carácter eliminatorio, os puntos obtidos na mesma non poderán terse en conta para superar a proba práctica.

Puntuación máxima nesta fase: 6 puntos.

O Tribunal puntuará os méritos acreditados polos/as aspirantes segundo se determina na base 8ª conforme ao sinalado no presente baremo:

- PRAZAS DE CONSERXE

A) Experiencia: ata un máximo de 1,5 puntos

a) Por cada mes completo de servizos prestados na Administración Pública realizando funcións de conserxe, subalterno, ordenanza ou similares : 0,10 puntos, ata un máximo de 1 punto.

b) Por cada mes completo de servizos prestados en empresas privadas en posto/emprego igual ou similar ao que se convoca : 0,10 puntos ata un máximo de 0,50 puntos.

Non se computarán servizos prestados por tempo inferior a un mes e os meses consideraranse de 30 días naturais, contados dende o inicio de cada contrato ata a súa data de finalización. A puntuación reducirase proporcionalmente en caso de servizos prestados a tempo parcial.

B) Por pertencer a algún dos seguintes colectivos con dificultades de inserción laboral (puntuación máxima 1 punto):

O presente apartado de baremación específica incorpórase de acordo co disposto na cláusula 7ª, paragrafo segundo, do Convenio de Colaboración para o programa "Depuemprego" asinado coa Deputación Provincial.

- Muller: 0,20 puntos

- Maior de 45 anos : 0,20 puntos

- Discapacidade (minusvalía > 33%): 0,20 punto

- Desempregado de longa duración (mais de 12 meses inscrito na oficina de emprego ininterrompidamente): 0,20 puntos

-persoa vítima de violencia de xénero: 0,20 puntos

C) Titulacións académicas:

Por estar en posesión de calquera titulación académica oficial de igual ou superior nivel ao esixido para o desempeño do posto, con exclusión da presentada como necesaria para acceder a este proceso: 0,50 por título, cun máximo de 1 punto.

D)Cursos de formación, xornadas, congresos e convencións en materias directamente relacionadas coas funcións do posto convocado, por cada un:

- De 10 a 50 horas: 0,10 puntos
- De 51 a 100 horas: 0,25 puntos.
- De 101 ou máis horas: 0,50 puntos.

Puntuación máxima neste apartado: 1,5 puntos.

E) Cursos oficiais de lingua galega ou validación correspondente. Ata un máximo de 0,50 puntos.

-Celga 3, curso de iniciación, a súa validación, a proba libre de iniciación, curso de nivel elemental de lingua e cultura galegas para estranxeiros, 1º curso Escola Oficial de Idiomas: 0,25 puntos.

-Celga 4, Curso de perfeccionamento da lingua galega, a súa validación, curso básico de linguaxe administrativa galega, curso básico de linguaxe xurídica galega e curso de nivel medio de lingua e cultura galega para estranxeiros, 1º e 2º e 3º curso da escola oficial de idiomas; 0,50 puntos.

Neste apartado non poderán acumularse as puntuacións polos distintos cursos, puntuándose, en consecuencia, polo curso de nivel superior.

F) Cursos de prevención de riscos laborais. Ata un máximo de 0,50 puntos.

-Ata 50 horas (equivalente o curso "on line" de 60 h): 0,10 puntos

-de 51 a 300 horas: 0,25 puntos

-máis de 300 horas: 0,50 punto

-PRAZAS DE ALBANEL

A) Experiencia: ata un máximo de 1,5 puntos

a) Por cada mes completo de servizos prestados na Administración Pública como albanel: 0,10 puntos, ata un máximo de 1 punto.

b) Por cada mes completo de servizos prestados en entidades privadas como albanel: 0,15 puntos ata un máximo de 0,50 puntos.

Non se computarán servizos prestados por tempo inferior a un mes e os meses consideraranse de 30 días naturais, contados dende o inicio de cada contrato ata a súa data de finalización. A puntuación reducirase proporcionalmente en caso de servizos prestados a tempo parcial.

B) Por pertencer a algún dos seguintes colectivos con dificultades de inserción laboral (puntuación máxima 1 punto):

O presente apartado de baremación específica incorpórase de acordo co disposto na cláusula 7ª, paragrafo segundo, do Convenio de Colaboración para o programa "Depuemprego" asinado coa Deputación Provincial.

- Muller: 0,20 puntos

- Maior de 45 anos : 0,20 puntos

- Discapacidade (minusvalía > 33%): 0,20 puntos

- Desempregado de longa duración (mais de 12 meses inscrito na oficina de emprego ininterrompidamente): 0,20 puntos

-persoa vítima de violencia de xénero:0,20 puntos

C) Titulacións académicas:

Por estar en posesión de calquera titulación académica oficial de igual ou superior nivel ao esixido para o desempeño do posto, con exclusión da presentada como necesaria para acceder a este proceso: 0,50 por título, cun máximo de 1 punto.

D) Cursos de formación, xornadas, congresos e convencións en materias directamente relacionadas coas funcións do posto convocado, por cada un:

- De 10 a 50 horas: 0,10 puntos

- De 51 a 100 horas: 0,25 puntos.

- De 101 ou máis horas: 0,50 puntos.

Puntuación máxima neste apartado: 1,5 puntos.

E) Cursos oficiais de lingua galega ou validación correspondente. Ata un máximo de 0,50 puntos.

-Celga 3, curso de iniciación, a súa validación, a proba libre de iniciación, curso de nivel elemental de lingua e cultura galegas para estranxeiros, 1º curso Escola Oficial de Idiomas: 0,25 puntos.

-Celga 4, Curso de perfeccionamento da lingua galega, a súa validación, curso básico de linguaxe administrativa galega, curso básico de linguaxe xurídica galega e curso de nivel medio de lingua e cultura galega para estranxeiros, 1º e 2º e 3º curso da escola oficial de idiomas; 0,50 puntos.

Neste apartado non poderán acumularse as puntuacións polos distintos cursos, puntuándose, en consecuencia, polo curso de nivel superior.

F) Cursos de prevención de riscos laborais. Ata un máximo de 0,50 puntos.

-Ata 50 horas (equivalente o curso "on line" de 60 h): 0,10 puntos

-de 51 a 300 horas: 0,25 puntos

-máis de 300 horas: 0,50 puntos

- PRAZAS DE XARDINEIROS

A) Experiencia: ata un máximo de 1,5 puntos

a) Por cada mes completo de servizos prestados na Administración Pública como xardineiro: 0,10 puntos, ata un máximo de 1 punto.

b) Por cada mes completo de servizos prestados en entidades privadas como xardineiro: 0,15 puntos ata un máximo de 0,50 puntos.

Non se computarán servizos prestados por tempo inferior a un mes e os meses consideraranse de 30 días naturais, contados dende o inicio de cada contrato ata a súa data de finalización. A puntuación reducirase proporcionalmente en caso de servizos prestados a tempo parcial.

B) Por pertencer a algún dos seguintes colectivos con dificultades de inserción laboral (puntuación máxima 1 punto):

O presente apartado de baremación específica incorpórase de acordo co disposto na cláusula 7ª, paragrafo segundo, do Convenio de Colaboración para o programa "Depuemprego" asinado coa Deputación Provincial.

- Muller: 0,20 puntos

- Maior de 45 anos : 0,20 puntos

- Discapacidade (minusvalía > 33%): 0,20 puntos

- Desempregado de longa duración (mais de 12 meses inscrito na oficina de emprego ininterrompidamente): 0,20 puntos

-persoa vítima de violencia de xénero:0,20 puntos

C) Titulacións académicas:

Por estar en posesión de calquera titulación académica oficial de igual ou superior nivel ao esixido para o desempeño do posto, con exclusión da presentada como necesaria para acceder a este proceso: 0,50 por título, cun máximo de 1 punto.

D) Cursos de formación, xornadas, congresos e convencións en materias directamente relacionadas coas funcións do posto convocado, por cada un:

- De 10 a 50 horas: 0,10 puntos

- De 51 a 100 horas: 0,25 puntos.

- De 101 ou máis horas: 0,50 puntos.

Puntuación máxima neste apartado: 1,5 puntos.

E) Cursos oficiais de lingua galega ou validación correspondente. Ata un máximo de 0,50 puntos.

-Celga 3, curso de iniciación, a súa validación, a proba libre de iniciación , curso de nivel elemental de lingua e cultura galegas para estranxeiros, 1º curso Escola Oficial de Idiomas: 0,25 puntos.

-Celga 4, Curso de perfeccionamento da lingua galega, a súa validación, curso básico de linguaxe administrativa galega, curso básico de linguaxe xurídica galega e curso de nivel medio de lingua e cultura galega para estranxeiros, 1º e 2º e 3º curso da escola oficial de idiomas; 0,50 puntos.

Neste apartado non poderán acumularse as puntuacións polos distintos cursos, puntuándose, en consecuencia, polo curso de nivel superior.

F)Cursos de prevención de riscos laborais. Ata un máximo de 0,50 puntos.

-Ata 50 horas (equivalente o curso "on line" de 60 h): 0,10 puntos

-de 51 a 300 horas: 0,25 puntos

-máis de 300 horas: 0,50 puntos

7.2. OPOSICIÓN: Consistirá na realización dunha proba práctica relacionada coas tarefas a desempeñar, a proposta polo Tribunal e coa duración que este órgano de selección determine con carácter previo ao seu inicio.

Puntuarase cun máximo de 10 puntos, quedando eliminados aqueles que non obteñan un mínimo de 5,00 puntos.

Corresponderalle ao Tribunal determinar o nivel mínimo de coñecementos esixido para a superación desta proba.

O Tribunal poderá realizar as preguntas e aclaracións que considere necesarias sobre a materia obxecto da proba.

Quedarán excluídos do proceso os/as aspirantes que non comparezan.

8.-FORMA DE ACREDITAR OS MÉRITOS

8.1. Experiencia profesional: copia compulsada dos contratos de traballo inscritos no Servizo Público de Emprego aos que deberá achegarse en todo caso, certificado de vida laboral expedido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social ou certificado de empresa.

Estes documentos poderán ser substitutos por unha certificación de servizos expedida polo órgano competente no caso de que se prestaran na Administración Pública sempre que quede acreditado de forma clara e expresa a ocupación e período traballado.

8.2. Titulacións académicas: copia compulsada do documento acreditativo de posuír a titulación correspondente ou certificación académica dos estudos realizados.

8.3. Cursos, seminarios, xornadas ou similares: copia compulsada do correspondente diploma no que debe constar a duración do curso en horas e, como mínimo, o título do mesmo ou ben certificación expedida polo organismo que o impartiu no que se fagan constar os mesmos datos.

Non se valorarán os cursos que non acrediten as datas de realización e as horas de duración nin os cursos que a xuízo do Tribunal non estean debidamente acreditados ou non teñan relación coas funcións do posto.

8.4. O grado de discapacidade: Resolución ou certificación acreditativa.

8.5: Desemprego: Certificación expedida polo Servizo Público de Emprego na que se acredite que é demandante de emprego e o tempo que leva nesta situación.

8.6 Persoas que aleguen ser vítima de violencia de xénero: acreditaran esta situación segundo o artigo 5 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero:

1. Certificación da orde de protección ou da medida cautelar, testemuño ou copia autenticada pola/o secretaria/ou xudicial da propia orde de protección ou da medida cautelar.

2. Sentenza de calquera orde xurisdiccional, que declare que a muller sufriu violencia de xénero.

3. Informe do Ministerio Fiscal que indique a existencia de indicios de violencia, auto de apertura de xuízo oral ou documento equivalente en que conste a existencia dos devanditos indicios.

4. Informe dos servizos sociais e/ou sanitarios da Administración pública autonómica ou local no que se recolla dita condición e a data en que se produciu o cesamento da convivencia.

5. Informe dos servizos de acollida da Administración pública autonómica ou local en que se recolla dita condición e a data en que se produciu o cesamento da convivencia.

9.- LUGAR, DATA E CELEBRACIÓN DA PROBA PRÁCTICA.

Determinarase polo Tribunal unha vez que remate o prazo de presentación de instancias, facéndose público no mesmo anuncio que a listaxe provisional de admitidos ao proceso.

10.- CUALIFICACIÓN FINAL.

Virá determinada pola suma das puntuacións obtidas nas distintas fases do proceso de selección para aqueles aspirantes que teñan superada a proba práctica, establecendo para estes efectos a orde definitiva de aspirantes seleccionados/as.

En caso de empate na puntuación final, o desempate resolverase a favor do/da aspirante que obtivese maior puntuación na fase de oposición. De persistir, o empate resolverase a favor daquel/a aspirante que obtivese maior puntuación na fase de concurso.

O Tribunal establecerá unha lista de reserva cos aspirantes que teñan superado o proceso e por rigoroso orde de puntuación, para cubrir as vacantes que se poidan producir antes da sinatura ou durante o prazo de duración do contrato.

Na citada lista figurarán os/as aspirantes pola orde de puntuación acadada.

En caso de empate na puntuación final, acudirase para resolvelo á puntuación obtida nos apartados do baremo de méritos pola orde na que figuran nas bases específicas.

11.- PROPOSTA DE CONTRATACIÓN.

Rematadas as probas o Tribunal aprobará a relación de aspirantes en orde de maior a menor puntuación total, propoñendo ao Sr. Alcalde para a súa contratación aos/ás aspirantes que encabecen dita relación, sen que poidan ser propostos mais aspirantes que postos a cubrir.

As propostas de selección que contraveñan este límite serán nulas de pleno dereito.

A proposta publicárase na sede electrónica e no Taboleiro de Edictos do Concello.

12.-PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN.

No prazo de 5 días naturais contados a partir do seguinte ao da publicación da proposta de selección na forma sinalada na base 11ª (prazo que poderá ampliarse cando os seleccionados acrediten que non puideron presentar algún documento por causas alleas á súa vontade), os/as aspirantes propostos/as presentarán con anterioridade á sinatura do contrato a documentación acreditativa dos requisitos expresados na Base 3ª:

- O apartado b) mediante a presentación de Certificado Médico para o efecto.
- Os apartados e) e f) con declaración xurada para o efecto.

Igualmente aportarase fotocopia da tarxeta da Seguridade Social e certificación do número de conta bancaria.

Se o/a aspirante non presentase a documentación ou do exame da mesma se infira que carece dalgún dos requisitos relacionados na Base 3ª, non poderá ser contratado e perderá tódolos seus dereitos, sen prexuízo das responsabilidades en que houbese podido incorrer.

13.- RESOLUCIÓN E CONTRATACIÓN .

Á vista da proposta do Tribunal e constatado que os/as aspirantes acreditaron os requisitos esixidos para acceder a praza que se convoca, o Alcalde resolverá o procedemento selectivo decidindo a contratación como persoal laboral con contrato temporal.

Ata que non se formalice o contrato, o/a aspirante proposto/a non terá dereito a percibir cantidade económica algunha.

14.- DEREITO SUPLETORIO E XURISDICIÓN.

O Tribunal poderá resolver as dúbidas que se presenten e tomar os acordos necesarios para o bo desenvolvemento do proceso selectivo.

No non sinalado nas presentes bases, estarase ao establecido na normativa básica sobre selección de persoal ao servizo da Administración Local e demais normas que resulten de aplicación, estándose aos órganos competentes da Xurisdición Contencioso-Administrativa para dirimir as controversias que se produzan na aplicación destas.

15.- RECURSOS.

Contra a resolución pola que se aproban as bases desta convocatoria, que é definitiva en vía administrativa, poderán os/as interesados/as interpoñer potestativamente recurso de reposición ante o Sr. Alcalde-Presidente do Concello de Burela, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación segundo o previsto nestas bases ou directamente recurso contencioso administrativo, ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses e na forma prevista na Lexislación reguladora de dita Xurisdición, sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro que estime procedente.

O Alcalde. Alfredo Llano García

R. 0821

FOLGOSO DO COUREL*Anuncio***CONTRATACIÓN**

De conformidade coa Resolución da Alcaldía de 16/04/2017, procédese á convocatoria do Procedemento para a adxudicación do contrato de xestión do Albergue Turístico de Folgoso, cos seguintes datos:

1. Entidade adxudicadora:

- a. Concello de Folgoso.

2. Obxecto do contrato:

- a. Descrición: Xestión do Servizo de Albergue Turístico de Folgoso Exp. 153/2017
- b. Lugar: Rúa Fondo da Vila
- c. Prazo: 4 anos

3. Tramitación e procedemento:

- a. Tramitación: Ordinaria.
- b. Procedemento: Aberto.

4. Prezo do contrato:

- a. Canon concesional, con dous compoñentes:
 - i. Fixo: mínimo 150,00 €/mes, máis IVE
 - ii. Variable: 1,5% facturación bruta anual, máis IVE

5. Garantía provisional:

- a. Non se esixe.

6. Obtención de documentación e información:

- a. Entidade: Concello de Folgoso do Courel
- b. Domicilio: Praza Manuel Fraga Iribarne s/n Teléfono / fax: 982433001/ 982433052
- c. Horario: de luns a venres, de 09,00 a 14,00 horas.

7. Perfil do contratante:

- a. <http://concellofolgosodocourel.sedelectronica.es>

8. Criterio de adxudicación:

- a. Varios: Cláusula 9ª dos Pregos de condicións.

9. Presentación de solicitudes:

- a. Forma: En tres sobres pechados (Cláusula 7ª dos pregos de condicións).
- b. Data límite: 15 días naturais, contados a partir do seguinte da última publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.
- c. Documentación a presentar: Segundo o disposto na cláusula 7ª dos pregos.
- d. Lugar: Rexistro Xeral do Concello de Quiroga. (Praza Manuel Fraga Iribarne s/n 27325 Folgoso do Courel).

10. Apertura de plicas:

- a. Data e hora: Terceiro día hábil despois da data límite de presentación de ofertas, ás 10,00 horas.

Folgoso do Courel, 16 de marzo de 2017.- A Alcaldesa-Presidenta, Dolores Castro Ochoa

R. 0822

FRIOL

Anuncio

Ao quedar definitivamente aprobado, polo Pleno deste Concello, o Orzamento Municipal para o exercicio económico de 2017, por acordo adoptado en sesión celebrada o día vinte e tres de febreiro de dous mil dezasete, en cumprimento do que dispón o artigo 169.3 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, faise público que dito Orzamento ascende, no seu Estado de Gastos a **dous millóns novecientos oitenta e tres mil douscentos sesenta e cinco euros con vinte céntimos de euro (2.983.265,20 €)** e no seu Estado de Ingresos, a contía é de **dous millóns novecientos noventa e cinco mil euros (2.995.000,00 €)**, correspondendo a cada capítulo as cantidades que de seguido se expresan, según o seguinte detalle:

ESTADO DE GASTOS

CAPÍTULO	DENOMINACIÓN	IMPORTE
1	Gastos de persoal.....	718.969,53.-
2	Gastos correntes en bens e servizos	1.539.441,26.-
3	Gastos financeiros.....	5.500,00.-
4	Transferencias correntes.....	89.961,48.-
5	Fondo de continxencia e outros imprevistos	0,00.-
6	Investimentos reais.....	629.392,93.-

7	Transferencias de capital.....	0,00.-
8	Activos financeiros.....	0,00.-
9	Pasivos financeiros.....	0,00.-
SUMA TOTAL DOS GASTOS.....		2.983.265,20.-

ESTADO DE INGRESOS

CAPÍTULO	DENOMINACIÓN	IMPORTE
1	Impostos directos.....	986.895,63.-
2	Impostos indirectos.....	66.660,73.-
3	Taxas, prezos públicos e outros ingresos	337.239,16.-
4	Transferencias correntes.....	1.338.604,91.-
5	Ingresos patrimoniais.....	5.925,00.-
6	Alleamento de investimentos reais.....	900,00.-
7	Transferencias de capital.....	258.774,57.-
8	Activos financeiros.....	0,00.-
9	Pasivos financeiros.....	0,00.-
SUMA TOTAL DOS INGRESOS.....		2.995.000,00.-

Na referida sesión, tamén se acordou aprobar as bases de execución do orzamento, o cadro persoal e relación de postos de traballo, reservados a persoal funcionario, laboral e eventual, tal e como figuran no expediente de tramitación do presuposto no que se inclúen os créditos necesarios para o abono das dotacións correspondentes. Todo elo de acordo co disposto no art. 126.1 do Real Decreto Lex. 781/1986, de 18 de abril, en relación co art. 90 da Lei 7/1985, de 2 de abril, e que de seguido se transcribe. Indicar que en relación co persoal, no que respecta á Tesourería, estarase ao indicado na memoria da Alcaldía e os informes emitidos. Demais, préstase aprobación a creación de un posto de persoal laboral de traballador social para os concellos de Friol e Guntín, considerando a contratación de carácter prioritario, por tratarse de un servizo público esencial. Para elo cóntase coa subvención da Dirección Xeral de Inclusión Social, da Consellería de Política Social. A cobertura do posto será con carácter temporal, mentres se conte coa subvención da Consellería.

RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO ANO 2017:**A) - FUNCIONARIOS:**

DENOMINACIÓN	DOT	N.	C.E.M.	T.P.	F.P.	ADSCRIPCIÓN	TITULACIÓN
SECRETARÍA-INTERVENCIÓN	1	28	1.722,76	S	C	HABILI. ESTATAL	L. DEREITO
TÉCNICO M. - TESOUREIRO	1	26	1.404,61	S	OP	ADMINIS. ESPECIAL	D. UNIVERSI.
ADMINISTRATIVO	1	22	653,60	N	COP	ADMINIS. XERAL	B. SUPERIOR
ADMINISTRATIVO	1	22	653,60	N	COP	ADMINIS. XERAL	B. SUPERIOR
POLICÍA LOCAL	1	12	686,73	S	OP	ADMINIS. ESPECIAL	G. ESCOLAR

DOT=Dotación; N.=Nivel; C.E.M.=Complemento Específico mensual (14); T.P.=Tipo de puesto; S=singularizado; N=No singularizado; F.P.=Forma de provisión; C=Concurso; OP=Oposición; COP=Concurso-Oposición.

B) PERSOAL LABORAL FIXO/INDEFINIDO:

DENOMINACIÓN	DOT	TITULACIÓN	OBSERVACIÓNS
TRABALLADOR SOCIAL - SERVIZOS SOCIAIS	1	TRABALLO SOCIAL	COMPARTIDO CO CONCELLO DE GUNTÍN
AXENTE DE EMPREGO E DESENVOLVEMENTO LOCAL	1	DIPLOMADO	VACANTE
PEÓN	2	E. PRIMARIOS	
ENCARGADO DE OBRAS E SERVIZOS DE MANTENIMENTO	1	E. PRIMARIOS	
ENCARGADA DA BIBLIOTECA E SECRETARIA DO XULGADO	1	B. SUPERIOR	
OFICIAL DE SEGUNDA	1	E. PRIMARIOS	
OPERARIO DE SERVIZOS MÚLTIPLES	1	CERTIFICADO DE ESCOLARIDADE	

ANEXO Á RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO ANO 2017:**1).- PERSOAL LABORAL CONTRATADO/TEMPORAL (NON FIXO):**

POSTO DE TRABALLO OU CARGO	NÚMERO DE POSTOS	CARACTERÍSTICAS
Auxiliar de axuda a domicilio	2	Xornada completa
Axente de emprego e desenvolvemento local	1	A extinguir en caso de cubrise como laboral fixo
Persoal convenio motomba (incendios)	3	Xornada completa (3 meses)
Persoal brigada incendios (labores de vixilancia e extinción)	5	Xornada completa (3 meses)
Persoal do P.A.I.	2	Xornada completa

Engádesse un posto de persoal laboral de un traballador social, do que se procederá a súa cobertura con carácter temporal, mentres se conte con subvención da administración autonómica competente en materia de servizos sociais.

CADRO DE PERSOAL ANO 2017:**1.- FUNCIONARIOS DE CARREIRA:**

POSTO DE TRABALLO	SUBGRUPO	SITUACIÓN
Secretario – Interventor Habilitación Estatal	A1/A2	Propiedade
Técnico-Medio – (Tesoureiro) * Administración Especial	A2	Propiedade
Administrativo Administración Xeral	C1	Propiedade
Administrativo Administración Xeral	C1	Propiedade
Policía Local Administración Especial	C1	Propiedade (para extinguir)

(*) En relación coa Tesourería, estarase ao indicado na Memoria.

2.- PERSOAL LABORAL FIXO/INDEFINIDO.-

POSTO DE TRABALLO OU CARGO	NÚMERO DE POSTOS	CARACTERÍSTICAS
Traballador Social	1	Xornada completa
Axente de Emprego e Desenvolvemento L.	1	Vacante
Peón	2	Xornada completa
Encargado de obras e servizos de mante.	1	Xornada completa
Encargada Biblioteca e Secretaria Xulgado	1	Xornada completa
Oficial de 2ª	1	Xornada completa
Operario de servizos múltiples	1	Xornada completa

3.- PERSOAL EVENTUAL:

Ningún.

O Cadro de persoal laboral temporal poderá ampliarse coas subvencións que este Concello poida recibir da Comunidade Autónoma ou de outros organismos públicos para financiar ou cofinanciar a contratación de persoal de obras ou servizos determinados; ou ben por necesidades perentorias do servizo.

De conformidade co preceptuado no artigo 171.1 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, contra a aprobación definitiva do Orzamento Municipal, poderá interpoñerse directamente recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses que se computarán desde o día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

Friol, 22 de marzo de 2017.- O Alcalde, José Ángel Santos Sánchez.

R. 0837

MURAS

Anuncio

Aprobado definitivamente polo Pleno da Corporación o orzamento municipal para o exercicio económico de 2017, por acordo adoptado na sesión realizada o día 22 de febreiro de 2017, no cumprimento do disposto no artigo 169.3 do Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, faise público que dito orzamento ascende, tanto en ingresos como en gastos, a contía de un millón setecentos trinta e tres mil cincuenta (1.733.050.00) euros, correspondendo a cada capítulo as cantidades que a continuación se expresan, segundo o seguinte detalle:

ESTADO DE GASTOS:

Capítulo	Denominación	Consignación
	1. Operacións non financeiras	
	1.1 Operacións correntes	
1	Gastos de persoal	431.358,00
2	Gastos en bens correntes e servizos	931.200,00
3	Gastos financeiros	0,00
4	Transferencias correntes	193.100,00
5	Fondo de continxencia e outros imprevistos	0,00
	1.2. Operacións de capital	
6	Investimentos reais	177.392,00
7	Transferencias de capital	0,00
	2. Operacións financeiras	
8	Activos financeiros	0,00
9	Pasivos financeiros	0,00
	Total Gastos	1.733.050,00

ESTADO DE INGRESOS:

Capítulo	Denominación	Consignación
	1. Operacións non financeiras	
	1.1 Operacións correntes	
1	Impostos directos	1.076.000,00
2	Impostos indirectos	7.000,00
3	Taxas e outros ingresos	130.400,00
4	Transferencias correntes	516.250,00
5	Ingresos patrimoniais	2.100,00
	1.2. Operacións de capital	
6	Alleamento de investimentos reais	0,00
7	Transferencias de capital	1.300,00
	2. Operación financeiras	
8	Activos financeiros	0,00
9	Pasivos financeiros	0,00
	Total Ingresos	1.733.050,00

Na referida sesión tamén quedou aprobado o cadro de persoal coa relación de postos de traballo para o presente exercicio que, de acordo co que preceptúa o artigo 127 do Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, reproducense a continuación:

CADRO DE PERSOAL DO CONCELLO DE MURAS PARA 2017

A) FUNCIONARIOS DE CARREIRA,

Escala/categoría	Número	Grupo	Subgrupo	Situación
1. Funcionarios de habilitación estatal:				
1.1 Secretario interventor	1	A	A1/A2	Cuberta
2. Escala de administración xeral:				

2.1 Subescala administrativa:				
Administrativo	1	C	C1	Cuberta
2.2 Subescala auxiliar:				
Auxiliar administrativo	2	C	C2	1 cuberta 1 vacante

B) PERSONAL LABORAL PERMANENTE,

Categoría	Número	Situación
Obras e servizos		
Oficial encargado	1	Vacante
Operario condutor	3	Vacantes

De acordo co establecido no artigo 171.1 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, contra a aprobación definitiva do orzamento poderase interpoñer directamente recurso contencioso – administrativo, na forma e prazos que establece a Lei 29/1998, de 13 de xullo Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Muras, 27 de marzo de 2017.- O Alcalde – Presidente, Manuel Requeijo Arnejo

R. 0875

A PASTORIZA

Anuncio

CONVOCATORIA PÚBLICA DE SUBVENCIONS MUNICIPAIS DO CONCELLO DE PASTORIZA

Unha vez aprobadas pola Xunta de Goberno Local, na sesión de data 14 de marzo de 2017, as bases específicas para a concesión de subvencións para a realización de actividades culturais, educativas, deportivas, de comercio e promoción turística e outras no Concello da Pastoriza para o ano 2017, faise pública o extracto da convocatoria así como a apertura do prazo de presentación de solicitudes:

Primeiro.-Obxecto.

Concesión de axudas económicas, en réxime de concorrencia competitiva, para promoción de actividades culturais, deportivas, educativas, comercio e promoción turística, e outras realizadas no municipio da Pastoriza durante o presente exercicio 2017.

Segundo.-Beneficiarios.

Poderán ser beneficiarios das subvencións previstas nas presentes bases as persoas físicas, persoas xurídicas ou entidades públicas ou privadas xuridicamente constituídas, así coma as agrupación de persoas físicas ou xurídicas que non tendo personalidade xurídica poidan levar a cabo os proxectos, actividades ou comportamentos ou se na topen na situación que motiva a subvención, e que cumpran as seguintes condicións:

1. Carecer de fins de lucro

2. Desenvolver as súas actividades no termo municipal de Pastoriza

3. Ter debidamente xustificadas os gastos correspondentes a subvencións concedidas con anterioridade polo Concello da Pastoriza ou ter presentado xustificación razoada do motivo do incumprimento da obriga de xustificar

4. Estar ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

No caso de agrupacións sen personalidade xurídica este requisito deberá ser cumprido por todos os seus integrantes.

5. Non estar incurso en ningunha das causas de incompatibilidade ou prohibición de percepción de subvencións públicas previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

No caso de agrupacións sen personalidade xurídica este requisito deberá ser cumprido por todos os seus integrantes.

6. No caso de agrupacións sen personalidade xurídica, ademais deberán nomear un representante con poderes bastantes para cumprir as obrigas que como beneficiario lle correspondan á agrupación.

